

2024

ANEXO 2 PENALIZACIÓNS NO CAMPIONATO DE GALICIA DE SLÁLOM 2024



FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO

1) PENALIZACIÓNS.

1.1. Defínense os seguintes supostos:

- Abandono: cando o participante por motivos particulares ou debido a algunha penalización, non aparece na clasificación xeral final da proba, nin das agrupacións ou copas. Pese a isto poderá, se así o solicita e o autorizan os Comisarios Deportivos, seguir participando na proba cun vehículo doutro participante que así o certifique.
- Descalificado: durante unha manga, cando o participante, por acumulación de penalizacións, non teña un tempo oficial, pese a completar o percorrido.
- Excluído: cando o participante cometa una penalización ou unha acción que así o determine.

1.2. Segundo prescribe o C.D.I., durante a proba, haberá xuíces de feitos debidamente licenciados, nomeados para xulgar as faltas como segue:

- Tocar un pirulo-cono das lindes do garaxe: 5 segundos.
- Sobrepasar a raia final do garaxe, ou que algunha parte do vehículo quede fora do perímetro imaxinario delimitado por tódolos conos do garaxe: 5 segundos.
- Non face o stop, ou sexa non parar totalmente dentro do garaxe: 5 segundos.
- Por falsa saída, penalizarase por cada segundo de adianto con 10 segundos.
- Por desprazar ou tocar un cono: 10 segundos.
- Por pasar un cono polo lado contrario ou non efectuar unha volta completa: 20 segundos por cada falta.
- Por non efectualo percorrido marcado, por exemplo dar unha soa volta debendo dar dúas: 60 segundos máis as que lles correspondan segundo o parágrafo anterior.
- Por recortar os números ou cambiar o lugar designado: 60 segundos. Salvo vehículos compartidos que se autoriza a que só un dorsal vaia enteiro, podendo recortar os restantes por razóns de espazo.
- Non participar en unha das mangas oficiais e polo menos na de adestramentos obrigatoria: Abandono.
- Por recibir axuda exterior durante o percorrido: Abandono.
- Por non estar presente na entrega de premios: Exclusión (Inclúe a perda do dereito ó premio).
- Por condución agresiva ou perigosa: Exclusión.
- Por desacato ou menosprezo a un comisario: Exclusión.
- Non cumprimento das normas de Parque Pechado ou de traballo: Exclusión.